



Resolución do 14 de xuño de 2023 pola que se modifica a Resolución do 4 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado nas ensinanzas artísticas superiores de Deseño para o curso 2023/24.

O 20 de abril de 2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 4 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado nas ensinanzas artísticas superiores de Deseño para o curso 2023/24.

Así mesmo, no Diario Oficial de Galicia do 10 de maio de 2023 publicouse o *Decreto 41/2023, do 20 de abril, polo que se modifica o Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia*, que entrou en vigor aos vinte días naturais da súa publicación.

O dito *Decreto 41/2023, do 20 de abril* establece novos itinerarios na especialidade de Produto, os itinerarios académicos denominados Xeral (Xe.) e Xoiaría e complementos (XC).

A Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño en desenvolvemento do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, non desenvolve o relativo aos novos itinerarios establecidos no antedito *Decreto 41/2023, do 20 de abril*. Resulta necesario incorporar instrucións específicas de acceso para os novos itinerarios establecidos poe este *Decreto 41/2023, do 20 de abril*.

En Galicia existe unha importante demanda do sector do deseño, a xoiaría e os complementos de contar con profesionais altamente cualificados nestes ámbitos, que fai que se considere oportuno a implantación do itinerario Xoiaría e complementos cun carácter dual desde o vindeiro curso 2023/24.

Por todo o exposto, esta dirección xeral, en virtude das atribucións que lle foron conferidas polo Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, resolve modificar as instrucións para o acceso e admisión do alumnado nas ensinanzas artísticas superiores de Deseño para o curso 2023/24, ditando instrucións específicas para a especialidade Produto do novo plan de estudos:

Primeira. Implantación dos novos itinerarios e ampliación da oferta de prazas na especialidade Produto.

Para o curso 2023/24 na Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo ofertaranse 12 prazas para o itinerario Xeral (Xe.) e 15 para o itinerario Xoiaría e complementos (XC). Este novo itinerario Xoiaría e complementos (XC) impartirase con carácter dual e suporá a formación compartida centro-empresa a partir do 3º curso.





Segunda. Modifícase o punto 3 da instrución sexta, que queda redactado como segue:

"3. Na solicitude deberase indicar, por orde de preferencia, a especialidade que desexan cursar, así como a escola a que desexan acceder. Poderase solicitar un máximo de catro opcións. Igualmente, as persoas aspirantes deberán indicar na solicitude a escola de arte e superior de deseño de Galicia en que desexan realizar as ditas probas. Debido a que no itinerario Xoiaría e complementos, tanto no 3º coma no 4º curso, certas disciplinas serán impartidas entre a Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo de Santiago de Compostela e as empresas, estudos ou obradoiros do sector do deseño, a xoiaría e os complementos, cun carácter dual, o alumando que na súa solicitude incluíu ou inclúa nalgunha das catro opcións posibles que figuran no formulario de solicitude a especialidade Produto, debe cumprimentar obrigatoriamente o anexo I a esta resolución, tanto para os casos de acceso mediante proba específica coma nos de acceso directo."

Terceira. Modifícanse os puntos 1 e 4 da instrución décimo segunda e engádese un novo punto 1 bis, quedando redactados como segue:

"1. As vacantes existentes nas distintas especialidades e centros adxudicaránse segundo a prelación resultante das cualificacións obtidas polas persoas aspirantes na proba específica de acceso ou, se for o caso, da cualificación media do expediente académico da persoa aspirante. Para tal efecto, atenderase á especialidade e EASD que a persoa aspirante sinalase como primeira preferencia na súa solicitude. Enténdese por primeira preferencia aquela que a persoa aspirante indicase en primeiro lugar, ou en lugares sucesivos se as especialidades ou EASD solicitadas esgotasen as súas prazas. O anterior non será de aplicación no itinerario Xoiaría e complementos (XC) da especialidade Produto, no que a adxudicación se realizará atendendo ao resultado dunha entrevista coas empresas, estudos ou obradoiros do sector da xoiaría e os complementos, independentemente da quenda de acceso e da cualificación acadada.

"1 bis. Á entrevista para o itinerario Xoiaría e complementos (XC) da especialidade Produto deberán presentarse todas as persoas que marcasen este itinerario como primeira opción e que superasen a proba específica de acceso, así como as que cumpran os requisitos de acceso directo e marcasen como primeira opción o devandito itinerario. No caso de non contarse con 15 persoas que cumpran co establecido no punto anterior, poderase convocar para a realización da entrevista ás persoas aspirantes que marcasen este itinerario como segunda opción ou sucesivas. Esta entrevista, que se terá en conta para a adxudicación das prazas deste itinerario, terá lugar a partir das 10.00 horas na Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo (Santiago de Compostela) o 14 de xullo de 2023. A distribución horaria desta entrevista será publicada na páxina web da Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo."

"4. O día 17 de xullo, a Comisión de Admisión fará pública no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, <https://www.edu.xunta.gal>, a asignación de prazas para cada escola e especialidade. No caso do itinerario Xoiaría e complementos (XC) da especialidade Produto, a adxudicación será realizada pola Dirección Xeral de Formación Profesional."

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación Profesional

María Eugenia Pérez Fernández
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.gal





Anexo I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
ANEXO Á SOLICITUDE. ACCESO E ADMISIÓN ÁS ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE DESEÑO, ESPECIALIDADE PRODUTO	Curso 2023/2024	ANEXO Á SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NIF/NIE/Pasaporte:
ENDEREZO:			
CP:	PROVINCIA:	CONCELLO:	LOCALIDADE:
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	
DATA NACEMENTO		NACIONALIDADE	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	DNI/Pasaporte:

DATOS DAS PERSOAS PROXENITORAS OU REPRESENTANTES LEGAIS

(obrigatorio no caso de solicitudes de menores de idade)

A solicitude deberá ser asinada pola persoa solicitante. Se esta é menor de idade, ademais deberá ser asinada por calquera das persoas titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio destas persoas, será necesaria a sinatura de ambas, agás nos supostos de alumnado afectado por situacións de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a unha delas. Nestes casos, cumprirá presentar, coa solicitude, a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo

NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NIF/NIE/Pasaporte:

NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NIF/NIE/Pasaporte:

EXPÓN:

- Que solicito ser admitido/a para o curso académico 2023/24 como alumno/a para cursar ensinanzas artísticas superiores de Deseño na especialidade Produto.

- Que é coñecedor/a de que a adxudicación para poder cursar o itinerario *Xoiaría e complementos* está condicionada ao resultado dunha entrevista coas empresas, estudos ou obradoiros do sector da xoiaría e os complementos a realizar o 14 de xullo de 2023 na Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo de Santiago de Compostela.

- Que é coñecedor/a de que a partir do 3º curso do itinerario *Xoiaría e complementos* da especialidade Produto, a formación se levará a cabo entre a Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo e unha empresa, estudo ou obradoiro do sector da xoiaría e os complementos, con carácter dual.

- Solicito o seguinte itinerario da especialidade Produto:

- Xeral
- Xoiaría e complementos





INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento
Contacto delegado de protección de datos e mais información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais
Actualización normativa:	No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE
Resolución do 4 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado nas ensinanzas artísticas superiores de Deseño para o curso 2023/24 (DOG do 20 de abril).
Decreto 41/2023, do 20 de abril, polo que se modifica o Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 10 de maio).
Resolución do 14 de xuño de 2023 pola que se modifica a Resolución do 4 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado nas ensinanzas artísticas superiores de Deseño para o curso 2023/24.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL
Lugar e data de xuño de 2023
OBSERVACIÓNS: Deberase presentar copia do formulario correctamente cuberto e asinado nas secretarías das escolas de arte e superiores de deseño de Galicia.

